



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE AMES PARA A MELLORA DO FIRME
DO TREITO DA ESTRADA AC-543 ENTRE OS PQ 6+250 (GLORIETA DA
AG-56) E O PQ 8+390 (LÍMITE CONCELLO BRIÓN)**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Ames o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Ames para a mellora do firme na estrada AC-543 en Bertamirás, entre los entre o pq 6+250 e o pq 8+390. A mellora no seu conxunto afecta a 2.140m.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello de Ames consiste basicamente na





reparación de blandóns e roturas co fresado de 6 cm do pavimento existente e reposición co mesmo espesor con mestura bituminosa en quente para capa de rodadura. O tratamento superficial con microaglomerado en frío tipo MICROF 8 sup a toda a plataforma, así como o repintado das marcas viais.. Esta actuación é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Ames ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

